

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ORDE do 3 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas a confederacións, federacións e ás entidades de iniciativa social non asociadas nin federadas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de proxectos de asesoramento e formación de persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2019 e 2020 (código de procedemento BS614A).

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, de conformidade co establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co artigo 148.1.20º da Constitución española, e facendo uso desas competencias o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na cal se ordenan e regulan os aspectos básicos do Sistema galego de servizos sociais.

O Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, atribúelle á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade competencias relativas a, entre outras, dirixir, impulsar, xestionar, planificar, coordinar, controlar e supervisar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, ás persoas con discapacidade e persoas dependentes, en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

O Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, establece no seu artigo 7 que, para facer efectivo o dereito á igualdade das persoas con discapacidade, as administracións públicas promoverán as medidas necesarias para que o exercicio en igualdade de condicións dos dereitos das persoas con discapacidade sexa real e efectivo en todos os ámbitos da vida.

No marco destas competencias, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o 5 de novembro de 2015 a Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 (Esgadi) como instrumento de planificación e mellora que recolle as actuacións para desenvolver no eido da



discapacidade; inclúe entre as súas seis liñas estratéxicas a de formación e emprego, e incorpora de maneira transversal ao conxunto de políticas catro dimensións, entre as que figura a de perspectiva de xénero.

A través da presente orde convócase o procedemento de concesión das subvencións que atende ás disposicións da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que establece no seu artigo 5.2 que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación; así mesmo, dá cumprimento ás previsións incluídas no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A presente convocatoria enmárcase no programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e dá debido cumprimento á normativa comunitaria de aplicación, de conformidade coas previsións que ao respecto establecen:

Dunha banda, o Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do 17 de decembro, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello, que establece, entre os seus obxectivos temáticos, o de promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera outra forma de discriminación.

Doutra banda, o Regulamento (UE) núm. 1304/2013 do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro, relativo ao Fondo Social Europeo polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1081/2006 do Consello, que establece as normas do Fondo Social Europeo, incluíndo como obxectivo mellorar as oportunidades de emprego, reforzar a inclusión social, loitar contra a pobreza, promover a educación, a adquisición de capacidades e a aprendizaxe permanente e levar a cabo políticas de inclusión activas, sustentables e exhaustivas no marco das funcións que lle asigna o artigo 162 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE); deste xeito, o FSE contribuirá á cohesión económica, social e territorial de conformidade co disposto no artigo 174 do TFUE. Segundo o artigo 9 do TFUE, o FSE debe ter en conta as exixencias relacionadas coa promoción dun nivel de emprego elevado, coa garantía dunha protección social axeitada, coa loita contra a exclusión social e cun nivel adecuado de educación, formación e protección da saúde humana.



E o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os regulamentos (UE) núm. 1296/2013, (UE) núm. 1301/2013, (UE) núm. 1303/2013, (UE) núm. 1304/2013, (UE) núm. 1309/2013, (UE) núm. 1316/2013, (UE) núm. 223/2014 e (UE) núm. 283/2014 e a Decisión núm. 54/2014/UE e polo que se deroga o Regulamento (UE, Euratom) núm. 966/2012.

Así mesmo, o Regulamento de execución (UE) núm. 215/2014 da Comisión, do 7 de marzo, polo que se establecen as modalidades de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do 17 de decembro, concreta as normas específicas de cada un dos fondos estruturais e de investimento europeos e establece entre as súas categorías de intervención a inclusión activa, a de promover a igualdade de oportunidades e a participación activa e a mellora da capacidade de inserción profesional.

Particularmente, o programa operativo FSE Galicia 2014-2020 inclúe, dentro das accións para financiar, as medidas de asesoramento e formación para persoas con discapacidade; promove o desenvolvemento de actuacións individualizadas para cada unha das persoas participantes e entende como tales a planificación do proceso formativo prelaboral de cada persoa mediante a avaliación das necesidades e de asesoramento, para lles asignar aquela formación que mellor cumpra coas características da persoa participante, así como os recursos de apoio necesarios.

O programa operativo FSE Galicia 2014-2020 indica que a porcentaxe de persoas en risco de pobreza ou exclusión social en Galicia amosa un elevado valor, ademais de presentar un agravamento nos últimos anos, pasando do 22,1 % no ano 2011, ao 23,6 % no ano 2012. E dentro do ámbito da discapacidade, segundo os datos do censo de persoas con discapacidade do ano 2017, constatouse un colectivo de 231.954 persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 % en Galicia, o que supón o 8,55 % do total da poboación galega.

Neste marco, os procesos de integración social e laboral de persoas e familias en situación ou en risco de exclusión social requiren accións sociais específicas, complementarias daquelas que se presentan con carácter xeral para a formación e o emprego. En concreto, as persoas con discapacidade son un colectivo que necesita dunha maior protección social, para os efectos de poder lograr a igualdade de trato en todos os ámbitos, unha mellora da empregabilidade e adquisición de competencias.



Consonte co anteriormente exposto, mediante esta liña de axudas apoiarase a realización de accións formativas e de reforzo destinadas á formación prelaboral e á adquisición de habilidades, dirixidas ao colectivo de persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %. Igualmente, incentivarase a vinculación destas actividades co medio rural, de xeito que contribúa a manter o asentamento da poboación, así como a unha maior visualización e valoración do contorno en que se vive.

Esta convocatoria conta coa previsión orzamentaria prevista na Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

Nesta convocatoria incorpórase o establecemento de métodos de custos simplificados conforme o disposto no artigo 14 do Regulamento (UE) núm. 1304/2013, «as normas xerais aplicables ás opcións de custos simplificados a título do FSE establécense nos artigos 67, 68, 68.bis e 68.ter do Regulamento (UE) núm. 1303/2013».

Por todo o exposto, en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria para o período 2019-2020 dunha liña de subvencións dirixidas ás confederacións, federacións, consideradas ambas as entidades de segundo nivel asociativo, e ás entidades de iniciativa social non asociadas nin federadas, no ámbito das persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia, para realizar por estas un ou varios proxectos formativos para a promoción da igualdade de oportunidades proporcionando apoio a necesidades educativas especiais derivadas da discapacidade, que faciliten a plena integración nos sistemas de educación ou formación así como á adquisición de formación prelaboral e de habilidades para o desenvolvemento de actividades na vida cotiá que permitan unha preparación para unha futura inserción sociolaboral (código de procedemento BS614A).

2. A finalidade destas axudas é a de contribuír á mellora da empregabilidade mediante a adquisición de habilidades e capacidades prelaborais das persoas cun nivel de discapaci-



dade igual ou superior ao 33 %, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o desenvolvemento de proxectos que incidan nos seguintes eidos:

a) Promoverase o desenvolvemento da área persoal e social e/ou a área de formación básica e prelaboral.

b) Promoverase o desenvolvemento de accións previas que melloren as súas posibilidades de inserción laboral, como formación básica instrumental, formación para mellorar a autoestima e formación para mellorar as súas habilidades sociais en xeral.

Artigo 2. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser destinatarias das subvencións para o desenvolvemento dos proxectos regulados nesta convocatoria as confederacións e as federacións cuxo obxecto social inclúa a promoción ou realización de accións no ámbito das persoas con discapacidade e as entidades de iniciativa social como entidades de primeiro nivel asociativo que, contando con análogo obxecto social, non se atopen asociadas nin federadas ás anteriores entidades de segundo nivel asociativo.

2. Poderán, así mesmo, ser destinatarias as confederacións e federacións referidas no número anterior, que concorran conxuntamente con entidades de iniciativa social do seu ámbito federativo como agrupación de entidades –en diante agrupación–, nos termos previstos polo artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Neste suposto, a federación ou confederación, que se denominará promotora e será a perceptora da axuda, deberá contar con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación e asumirá a dirección do proxecto formativo e a representación fronte ao órgano convocante.

3. As agrupacións de entidades referidas no número anterior rexeranse polo documento contractual que as regule que, en todo caso, deberá incluír os seguintes aspectos:

a) Os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, que terán, igualmente, a consideración de persoas beneficiarias, así como o importe de subvención para aplicar por cada un deles.

b) Acordo de representación da agrupación e elección da súa persoa representante ante a Administración.



c) O compromiso da promotora de distribuír a axuda entre a agrupación, de acordo coa repartición establecida no orzamento aprobado na resolución de concesión da axuda conforme os seus compromisos de participación nel e coa resolución de pagamento tras a xustificación finalmente admitida pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

d) Acordos de confidencialidade.

e) Xestión da agrupación e distribución de responsabilidades ante posibles dificultades.

f) A agrupación non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto no artigo 35 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. As entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas e requisitos exixidos nesta orde e na normativa xeral de subvencións e, de xeito particular, os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas na área de persoas con discapacidade e na categoría de iniciativa social do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), regulado polo Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

b) Carecer de ánimo de lucro.

c) Ter o seu domicilio social en Galicia ou delegación na Comunidade Autónoma.

d) Non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A xustificación de non estaren incursas nas ditas circunstancias realizarase mediante a subscripción da declaración responsable da persoa representante da entidade ou da agrupación, incluída no anexo I.

e) Cumprir os requisitos e condicións establecidos nesta orde e na normativa xeral de subvencións.

5. Todos os requisitos exixidos deberán cumprirse na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de execución dos proxectos subvencionados.



Artigo 3. Financiamento e compatibilidade das axudas

1. O financiamento das axudas previstas nesta orde efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.0 (proxecto 2016-00171), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2019 e 2020, por importe de 1.055.683,00 euros e coa seguinte distribución:

Ano 2019: 440.000 €.

Ano 2020: 615.683 €.

O financiamento da anualidade 2020 quedará condicionado á existencia de crédito axeiado e suficiente na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para ese exercicio.

Este importe está cofinanciado nun 80 % con fondos FSE do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, con encaixe no obxectivo temático 09 «promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación», prioridade de investimento 9.1: «A inclusión activa, tamén con vistas a promover a igualdade de oportunidades, así como a participación activa e a mellora da posibilidade de atopar un emprego», obxectivo específico 9.1.1.: «Mellorar a inserción sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social, a través da activación e de itinerarios integrados e personalizados de inserción», liña de actuación 115: «Asesoramento e formación para persoas con discapacidade».

2. De acordo co previsto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia, excepcionalmente, poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda, logo do informe favorable da modificación orzamentaria por parte do organismo intermedio do PO FSE Galicia 2014-2020, actualmente a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos. A ampliación do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.



3. As subvencións para os proxectos previstos nesta convocatoria son incompatibles con calquera outra axuda pública, ou incentivo á contratación, para a mesma finalidade. Así mesmo, se o proxecto subvencionado xera ingresos como consecuencia de achegas das persoas participantes, taxas de inscrición, matrículas ou equivalentes, o seu importe será deducido do gasto subvencionable, no momento da concesión da axuda, en atención aos declarados na solicitude de subvención. Para o caso de que os ingresos obtidos non se fixesen constar na solicitude ou fosen superiores aos declarados nela, a dedución farase ou reaxustarase no momento do pagamento final.

Artigo 4. *Actuacións subvencionables*

1. Será subvencionable o desenvolvemento de proxectos formativos para adquirir formación prelaboral básica, para o desenvolvemento de hábitos prelaborais e de formación en habilidades sociais, para o desenvolvemento de actividades na vida cotiá, e para a implementación de apoios a necesidades educativas especiais derivadas da discapacidade, que cumpran os requisitos establecidos no conxunto desta orde.

2. Cada proxecto formativo disporá dos mecanismos precisos para individualizar as medidas para cada unha das persoas participantes, con avaliación das necesidades e asesoramento, e asignarase aquela formación que máis cumpra coas características do participante, así como os recursos de apoio necesarios. Os proxectos procurarán incrementar a participación das mulleres con discapacidade, co motivo de achegarse ao obxectivo da consecución da igualdade entre homes e mulleres.

A execución dos proxectos formativos efectuarase a través de itinerarios de formación que incorporarán as intervencións seguintes:

- a) Valoración individual.
- b) Deseño do itinerario.
- c) Asignación das accións formativas e/ou dos recursos de apoio necesarios.
- d) Medidas de acompañamento.
- e) Seguimento e revisión dos obxectivos perseguidos.

En todo momento, este itinerario personalizado deberá cumprir cos obxectivos de aprendizaxe funcional, construtiva e cooperativa así como a flexibilidade, a motivación, a



participación activa e a interdisciplinariedade; aplicaráselles ás tarefas de carácter individualizado do proxecto formativo correspondentes ás intervencións dos tipos a), b), d) e e), unha ratio mínima dun profesional por cada 4 persoas participantes, e ás correspondentes a accións formativas de carácter grupal, correspondentes ás intervencións do tipo c), unha ratio mínima dun profesional por cada 6 persoas participantes.

A valoración da ratio aplicada obtense polo cociente do número de horas totais recibidas polas persoas participantes entre o número de horas totais prestadas por cada persoa profesional, multiplicado pola ratio mínima establecida para cada unha das intervencións, computando o total de participantes nas accións desenvolvidas en cada tipoloxía de intervención do proxecto, sen perxuízo do establecido no artigo 23.6 para o caso da inserción laboral do participante durante a execución dos proxectos da presente convocatoria.

Agás o deseño do itinerario, o resto de intervencións terán o carácter de presencial. Para os efectos do establecido no presente punto, as horas non presenciais non poderán exceder o 5 % do total das horas do proxecto.

Dentro do itinerario proposto para cada participante no proxecto formativo incluírase o desenvolvemento dunha ou varias das seguintes accións formativas:

- a) Habilidades sociolaborais.
- b) Habilidades da vida diaria en tarefas orientadas á autoxestión.
- c) Comunicación verbal, lecto-escritura, competencias sociais.
- d) Formación básica en novas tecnoloxías e informática.
- e) Clases de apoio (acceso exames autoescola, competencias clave, para a integración social no eido da educación obrigatoria, software necesario para o seguimento das clases de apoio, etc.).
- f) Actividades relacionadas co desenvolvemento de habilidades persoais e laborais vinculadas co contorno en que se desenvolven, prestándolle especial atención ao medio rural.
- g) Accións formativas que posibiliten a integración nun proxecto de desenvolvemento empresarial que permita crear ou consolidar unha actividade económica e a inserción laboral dos propios alumnos nela.



3. As accións formativas dirixiranse a alumnos que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter un nivel de discapacidade recoñecida, segundo o Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a Orde do 25 de novembro de 2015, pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade en Galicia ou normativa equivalente, igual ou superior ao 33 %.

b) Estar empadroados na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Non ser perceptor dunha libranza vinculada á prestación de servizos para centro ocupacional ou titulares dunha praza no Sistema galego de servizos sociais.

Así mesmo, poderán participar aqueles alumnos que, cumprindo os anteriores requisitos, dispoñan dun emprego que poida estenderse por duración indefinida tras a formación proporcionada en virtude desta orde.

4. Os proxectos para os que se solicite a subvención deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Describirán o método empregado para o deseño do itinerario proposto, que deberá incluír intervencións de carácter individualizado para cada unha das persoas participantes, entendidas como a planificación do proceso formativo prelaboral de cada persoa mediante a avaliación das necesidades e asesoramento, garantindo a asignación daquela formación que máis cumpra coas características do participante, así como os recursos de apoio necesarios.

A formación para recibir polas persoas participantes desenvolverase en función do itinerario establecido para cada unha e agruparase nas seguintes áreas: área de desenvolvemento persoal e social, área básica e prelaboral.

b) Resultar adecuados para os obxectivos e finalidades contidos nesta orde, así como para os principios xerais dos servizos sociais incluídos no artigo 4 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.

c) Referirse a un ou varios das accións previstas no número 2 e procurar que se adapten ás necesidades específicas do concreto colectivo a que se dirixan.

d) Desenvolver o proxecto formativo entre o 1 de xullo de 2019 e o 30 de xuño de 2020.



e) A contía máxima concedida por proxecto formativo, que poderá cubrir ata o 100 % do custo do programa, será de 60.000,00 euros. Para obter o importe máximo, deberá acadarse un mínimo de 30 participantes e cumprir as ratios mínimas establecidas no número 2. A diminución do número de participantes comporta unha redución proporcional da contía máxima da subvención.

f) Dentro da mesma solicitude só se poderá solicitar axuda para un proxecto. En caso de varios proxectos, presentaranse tantas solicitudes como proxectos se presenten.

g) A entidade solicitante deberá achegar, no anexo III, información xeral dos proxectos, os criterios elixidos para a selección das persoas beneficiarias da convocatoria publicada para o efecto, do detalle das solicitudes recibidas e do baremo empregado para a selección, se é o caso. Entre os criterios de selección de persoas participantes deberán incluírse aqueles que procuren incrementar a participación das mulleres con discapacidade en Galicia.

Artigo 5. *Gastos subvencionables e modalidades de xustificación*

1. Serán subvencionables os gastos derivados do desenvolvemento de todo o proxecto formativo personalizado. Entre estes inclúense os derivados da intervención correspondente á valoración individual, o deseño do itinerario, a asignación das accións formativas e dos recursos de apoio necesarios, as medidas de acompañamento e o seguimento e revisión dos obxectivos previstos.

Os gastos clasifícanse, dunha banda, en gastos directos de persoal e outros gastos directos e, doutra banda, en gastos indirectos.

a) Serán gastos directos:

1º. Gastos directos de persoal, de acordo coa certificación de asignación de tarefas referida no artigo 9.1.g).

2º. Outros gastos directos: materiais específicos, seguros destinados a cubrir continxencias de risco, axudas de custo e gastos de locomoción, servizos de apoio específicos, gastos de publicidade e campañas publicitarias e outros servizos necesarios, conforme o indicado no número 2.

Estes gastos poderán efectualos directamente as persoas beneficiarias ou a través de subcontratacións.



b) Serán gastos indirectos:

1º. Gastos indirectos de persoal, segundo se especifica no punto 2 deste artigo.

2º. Gastos en bens consumibles e en material funxible.

3º. Gastos en subministracións de luz, auga, calefacción, teléfono, combustibles, limpeza e seguridade.

4º. Gastos de alugamento e de mantemento de instalacións.

2. A subvención poderá xustificarse de acordo cun baremo estándar de custo unitario por hora, nos termos que se detallan na epígrafe a). Excepcionalmente, para o caso dos gastos referidos na epígrafe b) poderá xustificarse de acordo cos custos reais con documentación soporte de gasto e pagamento.

Así, a xustificación realizarase do seguinte xeito:

a) Gastos subvencionados baixo a modalidade de módulo de custos simplificados, consonte o disposto nos artigos 67.1.b), 67.5.a), 68.bis.2 e 68.ter do Regulamento (UE) 1303/2013, do 17 de decembro, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018.

Establécese un baremo por hora de 21,61 euros para persoas con titulación superior, de 18,05 euros para persoas con titulación media, de 14,64 euros para titulación en formación profesional de 2º grao e de 12,48 euros para titulación en formación profesional de 1º grao, de acordo coas retribucións salariais básicas relativas ao persoal laboral das citadas titulacións establecidas na Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, e de acordo coa Orde do 14 de xaneiro de 2019 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2019.

Os catro módulos indicados obtivéronse a partir dun custo unitario por hora de traballo efectivo realizado polos profesionais das categorías descritas no parágrafo anterior consonte as retribucións salariais indicadas, cun máximo de 1.720 horas para 12 meses.

Sobre os anteriores custos engadiuse un 40 % en concepto de gastos directos e indirectos derivados da acción formativa, resultando un módulo por hora de 30,25 euros para



persoas con titulación superior, de 25,27 euros para persoas con titulación media, de 20,50 euros para titulación en formación profesional de 2º grao e de 17,47 euros para titulación en formación profesional de 1º grao.

Nesta modalidade inclúense os seguintes gastos:

1º. Gastos directos de persoal: terán esta consideración os gastos do persoal que estean directamente relacionados coas accións formativas subvencionadas e que se refiran de forma inequívoca e constatable a elas, en particular, os seguintes:

1º.1. As retribucións totais correspondentes ao persoal propio da entidade beneficiaria que participe no desenvolvemento do proxecto obxecto desta subvención, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social e a parte proporcional da paga extraordinaria que lle corresponda. A identificación da acción que se subvenciona deberá constar no contrato de traballo ou nunha previa asignación de funcións directas, tanto no caso de que a xornada de traballo estea integramente destinada á execución da dita acción coma no caso de dedicación parcial; garantirá sempre a súa xustificación documental.

Só serán imputables as horas efectivamente realizadas polas persoas con titulación superior, con titulación media e con titulación en formación profesional de 2º grao ou de 1º grao (ou equivalentes), logo de que se lles asignen as funcións no desenvolvemento do proxecto formativo.

1º.2. Así mesmo, terán a consideración de gastos directos de persoal as retribucións correspondentes ás persoas traballadoras por conta propia contratadas polo beneficiario para realizaren as accións formativas incluídas no proxecto formativo, logo de lles asignar as funcións.

En ambos os dous casos, deberá quedar suficiente xustificación documental da acción que se subvenciona e do tempo de dedicación a ela.

2º. Outros gastos directos. Serán subvencionables os gastos en materiais específicos necesarios para a execución do programa; seguros destinados a cubrir continxencias de risco derivadas da acción subvencionada, segundo calquera das previstas no artigo 4.2; axudas de custo e gastos de locomoción do persoal dedicado á execución do programa necesarios para a atención ás persoas participantes vinculados ao seu desenvolvemento.



Así mesmo, os servizos de apoio específicos, como fisioterapia, actividades fisicodeportivas, intérprete de linguaxe de signos, etc., necesarios para o desenvolvemento eficaz das devanditas actividades de formación, co fin de acadar unha atención o máis integral posible, e outros servizos necesarios para o desenvolvemento dos proxectos formativos, como servizos de seguridade, servizos informáticos externos, etc.

Finalmente, serán subvencionables os gastos de publicidade e campañas de sensibilización destinadas a resaltar a importancia da obtención da cualificación, así como para a difusión das accións obxecto da subvención.

3º. Gastos indirectos: terán a dita consideración os gastos correntes que non se correspondan en exclusiva ás accións subvencionadas por ter carácter estrutural, pero que resulten necesarios para o seu desenvolvemento os gastos indirectos de persoal, como xestión administrativa e tarefas auxiliares; gastos en bens consumibles e en material funxible; gastos en subministracións, luz, auga, calefacción, teléfono, combustibles, limpeza e seguridade e gastos de alugamento e mantemento de instalacións.

b) Gastos subvencionados mediante documentación soporte de gasto.

Subcontratacións: considéranse subcontratacións as accións contratadas a terceiros polo beneficiario, que supoñan a execución parcial ou total dunha ou varias accións formativas das incluídas no artigo 4.2, integradas en cada proxecto formativo obxecto da subvención.

3. O período de referencia para a imputación dos gastos relativos ás axudas reguladas nesta orde será do 1 de xullo de 2019 ao 30 de xuño de 2020.

Serán imputables ao exercicio 2019 os gastos comprendidos entre o 1 de xullo e o 30 de novembro de 2019 e ao 2020 os comprendidos entre o 1 de decembro de 2019 e o 30 de xuño de 2020.

4. En todo caso, as accións que se desenvolvan ao abeiro desta convocatoria deberán cumprir as normas establecidas no Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do 17 de decembro, no Regulamento (UE) núm. 1304/2013, do 17 de decembro, ambos modificados polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo, na Orde ESS/1924/2016, do 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2014-2020



e nas normas de subvencionabilidade ditadas pola autoridade de xestión para o período 2014-2020.

5. Para os efectos destas axudas, non se considera subvencionable ningún tipo de taxa, tributo ou imposto, agás o imposto sobre o valor engadido non susceptible de repercusión ou compensación.

6. As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Miores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, por propia iniciativa ou por petición de calquera das persoas beneficiarias.

Artigo 6. *Subcontratación*

1. A subcontratación, que terá carácter excepcional e non poderá exceder o 50 % do importe de cada proxecto subvencionado, deberá estar debidamente xustificada e motivada na memoria técnica.

2. A subcontratación deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Non poderá exceder o 50 % do importe de cada proxecto formativo subvencionado.

b) Será obrigatoria a subscrición dun contrato entre o beneficiario e a entidade subcontratista, que deberá recoller, como mínimo, os seguintes contidos: obxecto da contratación, descrición das actividades para realizar, data do inicio e duración total, identificación do persoal participante, que deberá contar cun perfil de titulación análogo ao previsto no artigo 5.2.a), así como o orzamento, e cubrir ou facilitar os datos dos indicadores de produtividade e de resultado.

O compromiso de formular esta contratación, que quedará condicionada á concesión da subvención, deberá presentarse conxuntamente co anexo III no momento da solicitude da axuda, e deberá contar coa autorización previa do órgano concedente da subvención.

c) En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non lle acheguen valor engadido ao seu contido.

Para tal efecto, considerarase que a subcontratación incrementa o custo da actividade se o custo hora do personal que a desenvolva excede o custo hora previsto para cada



titulación no artigo 5.2. Para este cálculo, excluírase o importe correspondente ao equipamento específico que sexa imprescindible para a realización do proxecto e se xustifique o seu impacto no proxecto.

d) A factura emitida para xustificar o gasto en subcontratación deberá incluír a desagregación dos conceptos facturados, para o obxecto de determinar a elixibilidade total ou parcial dos importes facturados, de acordo co establecido no artigo 5.

e) En ningún caso poderá concertarse pola entidade beneficiaria a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

1º. Persoas ou entidades incursas nalguna das prohibicións do artigo 10 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2º. Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para realizar a actividade obxecto da contratación.

3º. Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que o devandito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados.

4º. Persoas ou entidades vinculadas coa beneficiaria, consonte o previsto no artigo 43.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, salvo que en aplicación do artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e a autorice previa e expresamente o órgano concedente da subvención.

5º. Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención nesta mesma convocatoria.

Artigo 7. *Solicitud de ofertas*

De acordo co artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de adquisición de servizos ou subministracións, cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere o importe de 15.000,00 €, o beneficiario ou, se é o caso, a entidade subcontratista deberán solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou subministración, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o poidan realizar.



A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarse conforme criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Artigo 8. Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes

1. As solicitudes (anexo I) presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>

Estes formularios só terán validez se están debidamente asinados polo/a representante legal das entidades ou agrupacións correspondentes ou persoa debidamente acreditada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación da solicitude aquela en que se realizase a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365: <https://sede.xunta.gal/chave365>

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 9. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da representatividade para actuar en nome do solicitante, para o caso de que esta se lle atribúa a unha persoa distinta da designada no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, salvo que se presentase con anterioridade e non exista variación.



b) Acreditación documental suficiente da experiencia da entidade ou agrupación na realización e desenvolvemento de proxectos de atención dirixidos a persoas que cumpran os requirimentos para resultar beneficiarias das accións previstas nesta orde. Entenderase como experiencia suficiente para o caso de organismos oficiais, os certificados expedidos por estes. No caso de servizos privados, basta coa declaración contida no anexo I.

c) Para o caso das entidades de segundo nivel asociativo (federacións, confederacións...), certificación orixinal da/do secretaria/o, conformada pola persoa que asine a solicitude, acreditativa das asociacións e federacións integradas, que especifique respecto de cada unha delas a denominación, o NIF e o número de socias e socios.

d) Para o caso de agrupación de entidades, acordo regulador da agrupación asinado polos representantes de cada unha das entidades da agrupación, que lle outorgue á promotora a autorización para presentar a solicitude de axuda no seu nome e exercer as facultades de representación fronte á Administración. Neste documento contractual atoparanse incluídos os compromisos e deberes que asume cada entidade e conterá os requirimentos mínimos estipulados no artigo 2.3.

e) Anexo II: memoria da entidade ou agrupación solicitante.

f) Anexo III: información xeral dos proxectos da entidade ou agrupación solicitante e detalle destes, que deberán conter a información sobre estimación de persoas participantes así como o resto de epígrafes sinaladas neste anexo.

g) Certificación do persoal referido no anexo III, de acordo co modelo publicado na páxina web da Consellería de Política Social, emitida polo órgano responsable da entidade ou agrupación, asinada por este e pola persoa traballadora por conta propia que realizará actuacións, servizos ou funcións, segundo o previsto no artigo 4.2, en que figure a asignación das ditas funcións durante o período subvencionable, de ser o caso.

h) De ser o caso, compromiso de subcontratación, que deberá incluír o detalle da parte do proxecto que se prevé subcontratar e a motivación da súa necesidade, para os efectos da autorización referida no artigo 6.2. Esta autorización outorgarase no prazo de quince días desde a data de entrada da solicitude na sede electrónica; entenderase outorgada se transcorre o devandito prazo sen notificarse a súa autorización.



2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos presentados de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultarase os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) NIF da entidade solicitante.



b) DNI ou NIE da persoa representante.

c) Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de atoparse ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias.

d) Certificación expedida pola Tesouraría da Seguridade Social, de atoparse ao día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

e) Certificación expedida pola Axencia Tributaria de Galicia, de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Certificado de discapacidade, no relativo ás persoas participantes nos proxectos.

g) Certificado de residencia con data da última variación padroal, no relativo ás persoas participantes nos proxectos.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario (anexo I ou VII, segundo o caso) e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias, así como o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, poidan impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades ou agrupacións beneficiarias e a referida publicidade.

2. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total o parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convo-



catoria, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través do canal habilitado para o efecto <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>, e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 3 de abril, do citado servizo.

3. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a suministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

4. Por outra parte, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información necesaria de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 12. *Información básica sobre protección de datos persoais*

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e dos contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

2. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. Os datos serán comunicados á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, coa finalidade de realizar a xestión, o seguimento, a información, o control, a coordinación e o estudo da execución e avaliación dos



programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos segundo o disposto nos artigos 125, número 2, artigo 140, números 3 a 5, e anexo XIII, número 3, do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.

3. Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente orde a través dos distintos medio de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

4. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou, presencialmente, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Artigo 13. *Publicación e notificación*

Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os actos administrativos e as correspondentes resolucións deste procedemento. Esta publicación producirá os efectos da notificación.

Adicionalmente e de forma complementaria, efectuarase a notificación de todos os actos administrativos de acordo co reflectido nos parágrafos seguintes:

a) As notificacións complementarias de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

b) As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia [Notifica.gal](https://sede.xunta.gal), dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



c) Neste caso, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

d) As notificacións complementarias entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

e) Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 14. *Procedemento*

1. A Subdirección Xeral de Recursos Económicos, da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, será o órgano competente para instruír o procedemento de concesión das subvencións, correspondéndolle como tal o exercicio das facultades previstas no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. O procedemento para a concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación e instrución dos expedientes efectuarase de acordo co establecido no artigo 21 da devandita lei.

3. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos, o órgano instrutor requirirá ás entidades ou agrupacións interesadas para que, nun prazo de dez días, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixesen, se terán por desistidas da súa petición, logo da correspondente resolución.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á Comisión de Valoración prevista nesta orde.



5. O órgano instrutor poderá requirirles ás entidades ou agrupacións solicitantes das subvencións a información ou documentación adicional que, sen estar en poder da Administración, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

6. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento, con posterioridade á presentación da solicitude, deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 15. *Comisión de Valoración*

1. Conforme co establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, creárase unha Comisión de Valoración, que será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes e de emitir o correspondente informe, no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada. Indicarase a puntuación e a axuda aplicable en cada caso.

A comisión presentará a seguinte composición:

- a) Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Recursos Económicos.
- b) Secretaría: a persoa titular da xefatura do Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa.
- c) Vocalías:
 - 1º. A persoa titular da xefatura do Servizo de Coordinación de Procesos.
 - 2º. A persoa titular da xefatura do Servizo de Recursos Especializados para a Discapacidade.
 - 3º. A persoa titular da xefatura do Servizo de Prevención da Dependencia.

No caso de ausencia dalgunha/s das persoas que a integran, será/n substituída/s pola persoa designada pola Presidencia da comisión.

2. Unha vez avaliados os expedientes segundo os criterios de valoración establecidos nesta orde, a Comisión de Valoración emitirá un informe segundo o cal o órgano instrutor



formulará a proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou a denegación da axuda solicitada, e proporá a concesión da subvención segundo a orde de puntuación e polo importe da axuda que corresponda, ata esgotar o crédito.

3. No caso de existiren solicitudes susceptibles de axuda, pero que non se inclúen na proposta anterior por terse esgotado o crédito dispoñible, quedarán en reserva, para seren atendidas no suposto de que quedase crédito libre por producirse algunha renuncia, ou por modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ou ben por incremento do crédito orzamentario destinado a esta subvención, de acordo co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado nesta base.

Artigo 16. *Criterios de valoración*

1. A comisión valorará os expedientes segundo os seguintes criterios:

a) Polo interese, calidade, necesidade e diversificación do programa ata 20 puntos, de acordo coa seguinte desagregación:

1º. Polos obxectivos propostos pola entidade ou agrupación solicitante en relación coa mellora da situación persoal e laboral das persoas destinatarias das accións formativas, tras a análise da necesidade social detectada en relación coa situación das persoas con discapacidade susceptibles de seren beneficiarias das accións previstas, ata 15 puntos, de acordo coa seguinte desagregación:

1º.1. En atención a minimizar as limitacións propias do contexto, de factores persoais, culturais ou familiares, que poden funcionar como barreiras e xerar situacións de vulnerabilidade e exclusión social, 5 puntos.

1º.2. En relación con acadar un contrato laboral en prácticas ou un emprego, 5 puntos.

1º.3. En atención ás medidas tendentes a evitar o abandono escolar, 5 puntos.

2º. Pola integración do programa para o que se solicita a axuda nun proxecto de desenvolvemento empresarial que permita a creación ou consolidación dunha actividade económica e a inserción laboral do propio alumnado nel: 5 puntos.



b) Polo carácter innovador dos proxectos ata 10 puntos, de acordo coa seguinte desagregación:

1º. Polo carácter innovador do proxecto que se vai desenvolver pola entidade ou agrupación solicitante en relación coas solicitudes presentadas en anteriores convocatorias, 4 puntos.

2º. Polo emprego de novas tecnoloxías na execución dos proxectos, 3 puntos.

3º. Polo establecemento de dispositivos para o control da calidade das accións formativas e mecanismos previstos para o seguimento das accións no desenvolvemento do proxecto, 3 puntos.

c) Polo carácter integral do programa de accións formativas presentado, con respecto ás accións previstas nesta convocatoria; ata 15 puntos, coa seguinte desagregación:

1º. Polo desenvolvemento, como mínimo, dunha acción en cada un dos sete puntos recollidos no artigo 4.2: 15 puntos.

2º. Polo desenvolvemento, como mínimo, dunha acción en seis dos puntos recollidos no artigo 4.2: 10 puntos.

3º. Polo desenvolvemento, como mínimo, dunha acción en cinco dos puntos recollidos no artigo 4.2: 5 puntos.

Para a valoración desta epígrafe, o carácter integral do programa deberá vir suficientemente desenvolvido no documento anexo II.

d) Polo desenvolvemento de accións orientadas á inserción prelaboral das persoas beneficiarias en actividades vinculadas ao ámbito rural, como agricultura, gandería, etc.: ata 15 puntos, coa seguinte desagregación:

1º. Accións que inclúan un dispositivo de intermediación laboral en ámbitos rurais: 10 puntos.

2º. Accións que inclúan un dispositivo de acompañamento para a integración social e laboral en ámbitos rurais: 5 puntos.

e) Pola coordinación e cooperación acreditada pola entidade ou agrupación, no transcurso dos últimos catro anos naturais anteriores ao da presente convocatoria, mediante o



desenvolvemento de proxectos de análoga natureza aos da presente orde, convocados por outros servizos, ata 20 puntos, coa seguinte desagregación:

1º. Coordinación cos servizos sociais comunitarios: valorarase con 2,5 puntos por cada ano, ata 10 puntos.

2º. Coordinación con outras entidades ou axentes sociais: valorarase con 2,5 puntos por cada ano, ata 10 puntos.

f) Pola experiencia da entidade ou agrupación na realización e desenvolvemento de actuacións dirixidas á integración prelaboral das persoas con discapacidade; ata 20 puntos coa seguinte desagregación:

1º. Experiencia da entidade ou agrupación no desenvolvemento de propostas formativas no ámbito da atención a persoas con discapacidade, que supoñan no conxunto dun ano natural un mínimo de 1.000 horas de formación: 4 puntos por ano, ata un máximo de 16 puntos.

2º. Colaboración con calquera Administración pública no desenvolvemento de programas de atención a persoas con discapacidade, que supoñan no conxunto dun ano natural un mínimo de 250 horas de atención: 1 punto por cada ano, ata un máximo de 4 puntos.

A puntuación máxima total será de 100 puntos.

2. No caso de empate na puntuación, cando algunha solicitude quede na lista de agarda, o desempate establecerase en función das puntuacións máis altas segundo as epígrafes parciais dos criterios recollidos neste artigo, empezando polo punto a) e, se persiste o empate, o desempate establecerase pola data de presentación da solicitude.

Artigo 17. *Resolución*

1. Á vista do informe da Comisión de Valoración, o órgano instructor formulará a proposta de resolución, que elevará ao órgano competente para resolver, para que este dite a resolución que corresponda para cada entidade ou agrupación solicitante.

2. Deléganse na persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade as competencias para resolver os procedementos de concesión, da aprobación e compromiso do gasto, así como os de reintegro, autorización de subcontratacións e demais actuacións necesarias para o desenvolvemento das axudas obxecto desta orde.



3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de catro meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se dite a resolución expresa, as entidades ou agrupacións interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. En ningún caso o importe da subvención concedida poderá superar o custo da actividade que se vai desenvolver pola entidade ou agrupación beneficiaria, ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecido.

No caso de que, atendendo ás solicitudes formuladas, de conformidade co disposto no artigo 15.3, resulte acreditada a suficiencia do crédito dispoñible, o órgano instrutor poderá elevar propostas parciais de resolución e procederse a resolver sucesivamente as distintas solicitudes formuladas por orde cronolóxica de conclusión dos correspondentes expedientes administrativos.

5. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse de conformidade co disposto no artigo 13.

6. Na notificación da resolución da subvención comunicárase ao beneficiario o financiamento con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020 con concreción do eixe, obxectivo temático, prioridade de investimento, obxectivo específico e porcentaxe de cofinanciamento de que se trate.

Os titulares de solicitudes aprobadas serán informados de que a resolución implica a súa inclusión na lista pública de operacións prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do 17 de decembro.

Así mesmo, na resolución de concesión estableceranse as condicións da axuda ás cales quedan sometidas as persoas beneficiarias derivadas da aceptación da subvención, en especial os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse con ela, o plan financeiro e o prazo de execución.

7. Unha vez notificada a resolución da concesión da subvención, a beneficiaria poderá comunicar no prazo de dez días a súa aceptación, comprometéndose a executar o proxecto ou proxectos subvencionados no prazo e condicións establecidos na convocatoria. No caso de non comunicar o dito aspecto no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptado.



Artigo 18. Réxime de recursos

As resolucións ditadas ao abeiro desta orde, así como a desestimación presunta de solicitudes, poñeránlle fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) O recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de beneficiarios e os seus respectivos importes. Se o acto non é expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpor o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

b) O recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de beneficiarios e os seus respectivos importes, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Artigo 19. Modificación da resolución de concesión

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución da subvención a instancia da beneficiaria, sempre que se cumpran os requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. Estas bases habilitan para aprobar, nos supostos que proceda, as modificacións atendendo aos obxectivos e requisitos da convocatoria e demais normativa de aplicación.



Artigo 20. Obrigas das entidades beneficiarias

As beneficiarias deberán cumprir, en todo caso, cos requisitos e obrigas exixidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como coas condicións e obrigas establecidas nesta orde e demais que resulten exixibles segundo a normativa de aplicación e, en particular, as seguintes:

a) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos, executar e acreditar a realización do proxecto que fundamenta a concesión da subvención.

b) Manter unha pista de auditoría suficiente, manter de forma separada na contabilidade o ingreso da axuda percibida, así como os custos directos de persoal e, se é o caso, os relativos á subcontratación e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, durante os tres anos seguintes á certificación dos gastos á Comisión Europea, de conformidade co artigo 140.1 do Regulamento (UE) 1303/2013, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. O comezo deste prazo será oportunamente comunicado pola Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

c) Cumprir a obriga de dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no anexo XII do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do 17 de decembro, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo. Así, en todo tipo de publicidade e información relativos ás actuacións subvencionadas, terá que constar a condición de subvencionada pola Consellería de Política Social e polo PO FSE Galicia 2014-2020.

En todo caso, nos espazos de atención ás usuarias e nas comunicacións contarán co emblema da Unión Europea e coa referencia ao Fondo Social Europeo e nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 nun lugar destacado e visible. Tamén se informará na páxina web, no caso de dispoñer dela, sobre o proxecto e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada.

d) Informar, se é o caso, as persoas destinatarias de que as actuacións en que participan están cofinanciadas pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, así como dos obxectivos dos fondos,



figurando os emblemas de ambos os organismos, como mínimo, nos seguintes documentos, de ser o caso:

1º. Partes de asistencia e/ou de participación.

2º. Relacións e follas de seguimento.

3º. Enquisas de avaliación.

4º. Certificados de asistencia.

e) Realizar as actuacións precisas para recoller a información suficiente relativa ao desenvolvemento do proxecto que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de produtividade e de resultado previstos no artigo 5 do Regulamento (UE) núm. 1304/2013, do 17 de decembro. Neste sentido, na súa cobertura deberá respectarse o principio de integridade dos datos.

Os indicadores de produtividade relativos á entidade beneficiaria refírense á data inmediatamente anterior ao inicio do proxecto subvencionado, mentres que os indicadores de resultado inmediato deberán referirse ao período comprendido entre o día posterior á súa finalización e as catro semanas seguintes. Así mesmo, a Administración poderá requirir novos datos no prazo de seis meses desde que finalice esta actividade, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento. Para estes efectos, seralles facilitado ás entidades beneficiarias o acceso á aplicación do OI do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, Participa 1420.

f) Someterse ao cumprimento do establecido no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/C, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, na responsabilidade do tratamento da información nos servizos obxecto desta orde.

g) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas beneficiarias e, de ser o caso, a solicitude e/ou a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.



h) Facilitar toda a información requirida pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, polos órganos verificadores que se establezan en aplicación dos artigos 72, 73 e 74 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do 17 de decembro, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

i) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, así como a calquera outra actuación de control que poidan realizar os órganos competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En especial, por tratarse de axudas cofinanciadas con Fondo Social Europeo, a beneficiaria quedará sometida ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión e seguimento do PO FSE Galicia 2014-2020, que incluírán as oportunas visitas sobre o terreo.

j) As entidades beneficiarias teñen a obriga de subministrar a información establecida no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

Artigo 21. *Prazo e xustificación da subvención*

1. A xustificación comprenderá os proxectos realizados desde o 1 de xullo de 2019 ata o 30 de xuño de 2020 e presentarase con data límite o 10 de decembro de 2019 para os rematados na anualidade 2019 e o 20 de xullo de 2020 para os rematados na anualidade de 2020.

En ambos os casos, deberá achegarse a documentación referida no número 3.

2. As accións correspondentes a estes proxectos xustificaranse segundo o tipo de gasto ben a través das modalidades de custos simplificados previstas nos artigos 67.1.b), 67.5.a), 68.bis.2 e 68.ter do Regulamento (UE) 1303/2013, do 17 de decembro, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, ou ben, para o caso das subcontratacións a través da xustificación por medio de documentos xustificativos de gasto e pago.



3. A xustificación realizarase mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Anexo IV: solicitude de pagamento da axuda debidamente cuberta e asinada pola persoa que ten a representación da beneficiaria, na cal deberase facer constar de modo expreso o cumprimento da finalidade para a cal foi concedida, así como o importe total do gasto subvencionable segundo custo unitario polas horas efectivamente traballadas dedicadas ao programa polas/os profesionais adscritos ao mesmo e o importe das subcontratacións autorizadas no seu caso.

b) Certificación das horas efectivamente traballadas por proxecto e acción dedicadas ao proxecto durante o período subvencionable por cada un/unha dos profesionais adscritos. Indicarase o tipo de relación ou vinculación coa beneficiaria, e detalle do gasto subvencionable segundo hora efectivamente traballada, de acordo co modelo publicado na páxina web da Consellería de Política Social.

c) Follas mensuais das horas efectivamente traballadas polos profesionais. Indicaranse as tarefas realizadas, asinadas pola/o profesional e pola persoa responsable da beneficiaria, respecto de todas as persoas adscritas ao proxecto obxecto de subvención. Debe utilizarse obrigatoriamente o modelo publicado na páxina web da Consellería de Política Social.

d) Partes de asistencia dos/das alumnos/as. Debe constar o número de horas de formación, asinados pola persoa participante ou titor/a legal e a persoa responsable técnica da realización da acción. Nos ditos partes deberán indicar de xeito veraz as persoas participantes e expresar as horas realizadas diariamente por cada unha delas.

e) Memoria xustificativa do/dos proxecto/s subvencionado/s e evidencias dos materiais elaborados. A memoria virá asinada pola persoa representante da beneficiaria, con descrición detallada das actuacións desenvolvidas con especial mención aos aspectos relativos ao procedemento seguido para a publicitación da convocatoria do proxecto formativo e para a selección dos candidatos, dos resultados obtidos así como da publicidade e divulgación que se realizou.

A memoria virá acompañada dun exemplar de todos os materiais elaborados, carteis, folletos, material didáctico, fotografías e outros documentos onde deberán figurar os logos da Unión Europea (FSE) e a imaxe corporativa da Consellería de Política Social, para os efectos de acreditar a realización da actividade e o cumprimento das obrigas de publicidade e información recollidos no artigo 20.



f) Cuestionarios de resultado inmediato e de produtividade, debidamente cubertos para cada unha das persoas participantes, segundo os indicadores de resultado e de produtividade recollidos na aplicación informática Participa 1420.

g) No caso de subcontratacións, deberá achegarse adicionalmente a seguinte documentación:

1º. Copia compulsada do contrato entre o beneficiario e a entidade subcontratista.

2º. Copia compulsada da factura emitida pola entidade subcontratada ao beneficiario na que se especifique claramente o título do proxecto financiado e o detalle dos gastos subvencionables obxecto da subcontratación. No caso de que sean varias as facturas, todas elas deberán estar desagregadas e especificar o título do proxecto financiado e o detalle dos gastos subvencionables obxecto da subcontratación.

3º. Xustificantes do pagamento da factura da subcontratación.

4º. Memoria realizada polo subcontratista das súas actividades no proxecto.

A xustificación do pagamento das facturas, documentos equivalentes e/ou substitutivos farase mediante xustificantes bancarios –xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria, etc., no caso de pagamento; no caso de pagamentos mediante cheque bancario, que será sempre nominativo, xuntarase a este a copia do extracto bancario onde figure o cargo en conta do dito cheque–, en que consten o número de factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou beneficiaria que emite a factura. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas de que é obxecto.

h) Declaración complementaria e actualizada na data da xustificación de todas as axudas ou subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais ou, se é o caso, declaración de que non se solicitaron outras axudas ou subvencións, segundo o modelo anexo V.

i) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda



coa Administración pública da Comunidade Autónoma, no caso de que non autoricen a súa consulta, segundo o modelo anexo VI.

j) Relación de persoas participantes en cada acción desenvolvida, en que figure o seu número de DNI, enderezo completo e teléfono de contacto, segundo o modelo que figure na páxina web da Consellería de Política Social. A esta relación anexarase a documentación xustificativa do cumprimento por cada participante dos requisitos establecidos nesta orde para acceder ás actividades subvencionadas ou comprobación de datos das persoas interesadas segundo o modelo anexo VII.

k) Ficha individualizada de cada unha das persoas participantes onde conste a/as acción/s formativas e datas nas que participou, perfil da persoa participante e resultados obtidos, asinada pola participante e pola persoa responsable da beneficiaria segundo o modelo que figura na páxina web da Consellería de Política Social e nas ferramentas informáticas que se deseñen para esta finalidade.

Para os efectos de garantir a ratio de profesionais aplicados á execución das accións e os indicadores de resultados, non serán computables as persoas que non se identifiquen e para as cales non consten debidamente cubertas as referidas fichas de atención individualizada.

l) Folla individualizada de seguimento de cada participante onde conste un mínimo de tres intervencións presenciais das referidas no itinerario descrito no artigo 4.2, asinada pola persoa participante e pola persoa responsable da beneficiaria, segundo o modelo que figura na páxina web da Consellería de Política Social e nas ferramentas informáticas que se deseñen para esta finalidade.

m) Ficheiro electrónico das persoas participantes, só para aquelas entidades non usuarias da aplicación Participa 1420 e segundo os datos e indicadores de resultado ou de produtividade. Estas estatísticas achegaranse a través da aplicación informática Participa 1420 ou nas ferramentas informáticas que se deseñen para esta finalidade.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade beneficiaria para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle de que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

Artigo 22. *Anticipo e pagamento da subvención*

1. Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actuacións subvencionadas.

2. Poderá realizarse un primeiro pagamento do 60 % da contía da subvención concedida, co límite da anualidade prevista no exercicio orzamentario que corresponda, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da subvención. Para os casos que, de acordo co límite da anualidade, non percibiran esa contía realizarase un segundo pagamento no primeiro trimestre da anualidade 2020 ata acadar ese 60 %. O 40 % restante, ou a parte que corresponda, librarase logo da xustificación polas beneficiarias do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e demais condicións exixidas nesta orde.

Artigo 23. *Incumprimento, reintegros e sancións*

1. O incumprimento das obrigas contidas nesta orde ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a dita devolución tramitarase, logo do requirimento, o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e á súa normativa de desenvolvemento.

2. Procederá o reintegro total da axuda percibida, máis os xuros de demora, sen prexuízo de que se incoe o expediente sancionador e das demais responsabilidades en que poida incurrir o beneficiario, no caso de non comunicar ao órgano concedente a obtención doutras axudas que financien os proxectos subvencionados e demais casos previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



3. Procederá o reintegro do 10 % da axuda percibida no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas para a mesma finalidade.

4. De ser o caso, a subvención será minorada proporcionalmente cando non se xustifique a realización efectiva da totalidade das horas de traballo, indicadas pola beneficiaria na súa solicitude e tidas en conta para a asignación da subvención.

5. Particularmente, acadarán a porcentaxe dun 2 % de minoración sobre a contía total da axuda percibida o incumprimento das obrigas recollidas no artigo 20.c) e d).

6. O incumprimento das ratios exixidas para o desenvolvemento das accións formativas suporá unha minoración proporcional do custo/hora produto da maior ratio de atención.

Para estes efectos, no suposto de que a mesma persoa participe en varios proxectos, só se terá en conta para un deles no cómputo da ratio mínima exixida.

Para os efectos do cómputo das ratios exixidas, considerarase que completaron o proxecto formativo aqueles participantes que acadando a inserción laboral no transcurso da súa execución realizasen as intervencións das alíneas a), e) e dun mínimo do 33 % das horas asignadas no c) do artigo 4.2 correspondentes ao seu itinerario de inserción.

Esta inserción laboral deberá manterse durante o transcurso da operación e ata o período mínimo dos catro meses posteriores a finalización do proxecto. O seu incumprimento orixinará o deber de reintegro polo importe correspondente os ingresos indebidamente percibidos.

7. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 24. *Seguimento e control*

1. A Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social poderá levar a cabo as actividades de control que considere oportunas para controlar o cumprimento das axudas reguladas nesta orde.



2. Todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e aquelas outras que determine a súa condición de subvencionada polo PO FSE Galicia 2014-2020.

Artigo 25. Información ás entidades interesadas

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Miores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>, do teléfono: 981 54 69 87 ou no enderezo electrónico: xestion.politicasocial@xunta.gal

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento da orde

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Miores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións que sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento e execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO I
 (continuación)

PROXECTO/S SOLICITADO/S: DENOMINACIÓN

DENOMINACIÓN	DESCRIPCIÓN

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

PROXECTO	S/C/P ⁽¹⁾	IMPORTE (€)	% ⁽²⁾	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE E NORMATIVA REGULADORA ⁽³⁾	INGRESOS/ACHEGA PARTICIPANTES	Financiada con fondos FSE ou outros fondos ou instrumentos financeiros comunitarios
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

(1) Indíquese o que corresponda (S: solicitada / C: concedida / P: percibida)

(2) Porcentaxe de axuda sobre o custo total

(3) Indicar data de publicación en diario/boletín oficial

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Que a documentación que se xunta está vixente.

4. Que esta entidade/agrupación:

- 4.1. Cumpre todos os requisitos para obter a condición de beneficiaria das axudas reguladas nesta orde e, por tanto, non está incurso en ningunha das circunstancias de prohibición as que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 4.2. Non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 4.3. Non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 4.4. Está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 4.5. Está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- 4.6. Coñece que as axudas solicitadas ao abeiro desta convocatoria están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (2014-2020) nun 80 %.
- 4.7. Está de acordo coas actuacións de control, supervisión e verificación dos órganos da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e do Fondo Social Europeo (artigo 18.i) da convocatoria.
- 4.8. Coñece as obrigas derivadas da convocatoria, en particular as establecidas nos artigos 15 e 18 da convocatoria.
- 4.9. Posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
- 4.10. Ten domicilio social ou delegación en Galicia.
- 4.11. Carece de ánimo de lucro.
- 4.12. Comprométese a colaborar coas actuacións da Administración pública no desenvolvemento e seguimento do programa:

SI NON
- 4.13. Comprométese a subministrar á Administración, logo de requirimento, toda aquela outra información necesaria para o cumprimento por esta das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- 4.14. Conséntelle á Administración concedente a inclusión e publicidade no rexistro regulado no Decreto 132/2006 dos datos relevantes das axudas e subvencións concedidas, así como das sancións impostas.
- 4.15. Que ten experiencia suficiente na realización e desenvolvemento de proxectos de atención dirixidos a persoas que cumpran os requirimentos para resultaren beneficiarias das accións previstas nesta orde, mediante a prestación de servizos privados.




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO I
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- Acreditación documental suficiente da experiencia da entidade ou agrupación na realización e desenvolvemento de proxectos de atención dirixidos a persoas que cumpran os requirimentos para resultar beneficiarias das axudas previstas nesta orde.
- Certificación orixinal da/do secretaria/o, conformada pola persoa que asine a solicitude, acreditativa das asociacións e federacións integradas; especificarase respecto de cada unha delas a denominación, o NIF e o número de socias e socios, para o caso das entidades de segundo nivel (federación, confederación...).
- Acordo regulador da agrupación asinado polos representantes de cada unha das entidades da agrupación, que lle outorgue á promotora a autorización para presentar solicitude de axuda no seu nome e exercer as facultades de representación fronte á Administración. Neste documento contractual atoparanse incluídos os compromisos e deberes que asume cada entidade e contera os requirimentos mínimos estipulados no artigo 2.3 da orde, para o caso de agrupacións de entidades.
- Anexo II: memoria da entidade/agrupación.
- Anexo III: información xeral dos proxectos da entidade ou agrupación solicitante e detalle destes, que deberán conter a información sobre estimación de persoas participantes, así como o resto de epígrafes sinaladas neste anexo.
- Certificación do persoal referido no anexo III, de acordo co modelo publicado na páxina web da Consellería de Política Social, emitida polo órgano responsable da entidade ou agrupación, asinada por este e pola persoa traballadora por conta propia que realizará actuacións, servizos ou funcións, segundo o previsto no artigo 4.2 desta convocatoria, en que figure a asignación das ditas funcións durante o período subvencionable, de ser o caso.
- Compromiso de subcontratación, de ser o caso.
- Outra documentación (especificar).

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da representatividade para actuar en nome do solicitante, para o caso de que esta se atribúa a unha persoa distinta á designada no RUEPSS, salvo que se presentase con anterioridade e non existira variación.			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria de atoparse ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias	<input type="checkbox"/>
Certificación expedida pola Tesouraría da Seguridade Social de atoparse ao día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificación expedida pola Axencia Tributaria de Galicia de non ter ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>



**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL**ANEXO I**
(continuación)**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais


Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE


Orde do 3 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas a confederacións, federacións e ás entidades de iniciativa social non asociadas nin federadas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de proxectos de asesoramento e formación de persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2019 e 2020 (código de procedemento BS614A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de UNIÓN EUROPEA
"Unha maneira de facer Europa"
"O FSE inviste no teu futuro"

Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO II

MEMORIA DA ENTIDADE/AGRUPACIÓN

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
RAZÓN SOCIAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ÁREA ACTUACIÓN	ÁMBITO TERRITORIAL DA ACTUACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>


FINALIDADE DA ENTIDADE
<input type="text"/>
DISPONIBILIDADE DE RECURSOS PROPIOS
<input type="text"/>

DATOS DE EXPERIENCIA		
Experiencia da entidade na realización e desenvolvemento de actuacións dirixidas á adquisición de formación prelaboral básica, hábitos prelaborais e de formación en habilidades sociais e para o desenvolvemento de actividades na vida cotiá para persoas con discapacidade.		
ANO	DENOMINACIÓN DO PROXECTO	DESCRIPCIÓN DO PROXECTO *
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>


* Destinatarios/as, contido e, en xeral, descrición dos elementos xustificativos dun contido análogo ao previsto nesta orde.

CONTACTO NA EMPRESA			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE			
Lugar e data			
<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de <input type="text"/>
			de <input type="text"/>



Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO III
INFORMACIÓN XERAL DO PROXECTO

(no caso de presentar varios proxectos, cubrirase un anexo por proxecto)

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE					
RAZÓN SOCIAL					NIF
<input style="width: 100%;" type="text"/>					<input style="width: 100%;" type="text"/>
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN					
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	
<input style="width: 100%;" type="text"/>		<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	
ÁREA ACTUACIÓN			ÁMBITO TERRITORIAL DA ACTUACIÓN		
<input style="width: 100%;" type="text"/>			<input style="width: 100%;" type="text"/>		
1. DETALLE DO PROXECTO					
PROXECTO PARA O CAL SE SOLICITA A AXUDA			AXUDA SOLICITADA	Nº PARTICIPANTES ESTIMADO	
<input style="width: 100%;" type="text"/>			<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	
BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO					
<input style="width: 100%; height: 30px;" type="text"/>					
2. CUSTOS DA ACTUACIÓN					
1. PERSOAL					
1.1. PERSOAL PROPIO					
NIF	NOME	APELIDOS	MÓDULO PROFESIONAL/ FUNCIONS ASIGNADAS	Nº HORAS DEDICADAS AO PROXECTO	CUSTO SOLICITADO
TOTAL					
1.2. PERSOAL DE NOVA CONTRATACIÓN					
TITULACIÓN			MÓDULO PROFESIONAL/ FUNCIONS ASIGNADAS	Nº HORAS DEDICADAS AO PROXECTO	CUSTO SOLICITADO
TOTAL					
2. SUBCONTRATACIÓNS					
RAZÓN SOCIAL	NIF	TIPO DE ENTIDADE	PRINCIPAIS FUNCIONS QUE DESENVOLVERÁ NO PROXECTO	LOCALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE DESENVOLVERÁ NO PROXECTO	CUSTO SOLICITADO
TOTAL					




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO III
 (continuación)

3. BREVE DESCRIPCIÓN DA NECESIDADE SOCIAL DETECTADA E DOS OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN ACADAR COA EXECUCIÓN DO PROXECTO

a) XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE SOCIAL DETECTADA EN RELACIÓN COA SITUACIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE SUSCEPTIBLES DE SEREN BENEFICIARIAS DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS NA CONVOCATORIA

b) OBXECTIVOS PROPOSTOS POLA ENTIDADE SOLICITANTE EN RELACIÓN COA MELLORA DA SITUACIÓN PERSOAL E LABORAL DAS PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS FORMATIVAS

c) INTEGRACIÓN DO/DOS PROGRAMA/S PARA O/OS CAL/ES SOLICITA A AXUDA NUN PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL QUE PERMITA A CREACIÓN OU CONSOLIDACIÓN DUNHA ACTIVIDADE ECONÓMICA E A INSERCIÓN LABORAL DO ALUMNADO NEL

4. RELACIÓN DE ACCIÓNS QUE COMPOÑEN O PROXECTO de acordo co previsto no artigo 4.2

ACCIÓN	DATA PREVISTA DE REALIZACIÓN (DD/MM/AAAA-DD/MM/AAAA)	HORARIO

5. CRITERIOS ELIXIDOS PARA A SELECCIÓN DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS E BAREMO


6. IMPUTACIÓN DE GASTOS POR ANUALIDADES

DENOMINACIÓN PROXECTO

	2019	2020
HORAS TITULADOS SUPERIORES		
HORAS TITULADOS MEDIOS		
HORAS TITULADOS F. PROFESIONAL II		
HORAS TITULADOS F. PROFESIONAL I		
IMPORTE SUBCONTRATACIÓN		

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

 UNIÓN EUROPEA
 "Unha maneira de facer Europa"
 "O FSE inviste no teu futuro"

Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade


**XUNTA
 DE GALICIA**

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ANEXO IV
SOLICITUDE DE PAGAMENTO

BS614A- SUBVENCIÓNS A CONFEDERACIÓNS, FEDERACIÓNS E ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL NON ASOCIADAS NIN FEDERADAS PARA A FORMACIÓN PRELABORAL E ADQUISICIÓN DE HABILIDADES POLAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE, COFINANCIADAS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (2014-2020)

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

--	--

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

--	--	--	--

DECLARA

- Que a subvención concedida á entidade pola Dirección Xeral de Maires e Persoas con Discapacidade para o desenvolvemento de proxectos de asesoramento e formación de persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia foi destinada ao fin para o cal se lle concedeu.
- Solicita o pagamento da liquidación correspondente da subvención concedida de conformidade coa documentación que se achega para estes efectos segundo o exixido na normativa reguladora.

IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA	CONTÍA DA XUSTIFICACIÓN (suma do total de custos D+S)	IMPORTE DO ANTICIPO (para cubrir pola Administración)	CONTÍA DA LIQUIDACIÓN (para cubrir pola Administración)

D. GASTOS DIRECTOS DE PERSOAL (artigo 5.1)

TIPO GASTO	IMPORTE MÓDULO (€) (1)	Número de horas de profesionais, persoal propio da entidade, que desenvolven as actuacións (2)	Número de horas de traballadores/as por conta propia contratados/as pola entidade para a realización de actuacións ou prestación de servizos ou funcións relacionados coa finalidade do programa (3)	Número total de horas dedicadas ao desenvolvemento do programa (4) = (2) + (3)	TOTAL (1 x 4)
TITULADO SUPERIOR (A)					
TITULADO MEDIO (B)					
TITULADOS F.P. II (C)					
TITULADOS F.P. II (D)					
TOTAL CUSTOS (a contía enténdese incrementada nun 40 % en atención ao establecido no artigo 5.2.a)					

S. SUBCONTRATACIÓN (artigo 6)

PORCENTAXE DA SUBCONTRATACIÓN RESPECTO DO TOTAL	
IMPORTE DA SUBCONTRATACIÓN (S)	



**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL**ANEXO IV**
(continuación)**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA** (artigo 21.3)

- Certificación da horas efectivamente traballadas por proxecto e acción por cada un/unha dos/das profesionais.
- Follas mensuais das horas efectivamente traballadas polos profesionais.
- Partes de asistencia do alumnado.
- Memoria xustificativa do/dos proxecto/s subvencionado/s e evidencias dos materiais elaborados.
- Cuestionarios de resultado inmediato e de produtividade.
- Copia compulsada do contrato entre o beneficiario e a entidade subcontratista, orixinal ou copia compulsada da factura emitida pola entidade subcontratada ao beneficiario, xustificantes do pagamento da factura da subcontratación e memoria realizada polo subcontratista das súas actividades no proxecto, no caso de subcontratacións.
- Declaración complementaria e actualizada na data da xustificación de todas as axudas e subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais ou, de ser o caso, declaración de que non se solicitaron outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo V.
- Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no caso de que non autoricen a súa consulta segundo o modelo do anexo VI.
- Relación de participantes en cada acción desenvolvida. A esta relación unirase a documentación xustificativa do cumprimento por cada participante dos requisitos establecidos nesta orde para acceder ás actividades subvencionadas ou comprobación de datos das persoas interesadas segundo o modelo do anexo VII.
- Ficha individualizada de cada unha das persoas participantes onde conste a/as acción/s formativa/s e datas en que participou, perfil da persoa participante e resultados obtidos.
- Folla individualizada de seguimento de cada participante.
- Ficheiro electrónico das persoas participantes (só para aquelas entidades non usuarias da aplicación Participa 1420).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de UNIÓN EUROPEA
"Unha maneira de facer Europa"
"O FSE inviste no teu futuro"

Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade



**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO V

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DE AXUDAS

BS614A- SUBVENCIÓNS A CONFEDERACIÓNS, FEDERACIÓNS E ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL NON ASOCIADAS NIN FEDERADAS PARA A FORMACIÓN PRELABORAL E ADQUISICIÓN DE HABILIDADES POLAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE, COFINANCIADAS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (2014-2020)

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DECLARA

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas da empresa:

- Non obtivo nin solicitou doutra Administración, ente público ou privado, nacional ou internacional, axuda para a mesma finalidade ou para os mesmos custos incluídos na solicitude presentada.
- Si obtivo ou solicitou doutra Administración, ente público ou privado, nacional ou internacional, axuda para a mesma finalidade ou para os mesmos custos incluídos na solicitude presentada, segundo se indica na seguinte táboa:

DATA SOLICITUDE	DATA CONCESIÓN	ORGANISMO	PROXECTO CONVOCATORIA	IMPORTE (€)	TIPO (subvención, préstamo...)	DISPOSICIÓN REGULADORA

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Xacobeo 2021

UNIÓN EUROPEA
"Unha maneira de facer Europa"
"O FSE inviste no teu futuro"

Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO VI

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ESTAR AO DÍA NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS**TRIBUTARIAS ESTATAIS E AUTONÓMICAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

BS614A- SUBVENCIÓNS A CONFEDERACIÓNS, FEDERACIÓNS E ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL NON ASOCIADAS NIN FEDERADAS PARA A FORMACIÓN PRELABORAL E ADQUISICIÓNS DE HABILIDADES POLAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE, COFINANCIADAS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (2014-2020)

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DETALLE DO PROXECTO


PROGRAMA PARA O CAL RECIBIU A AXUDA	AXUDA SOLICITADA

DECLARA RESPONSABLEMENTE

1. Que a entidade se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes.
2. Que a entidade se atopa ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
3. Que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de UNIÓN EUROPEA
"Unha maneira de facer Europa"
"O FSE inviste no teu futuro"

Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ANEXO VII
COMPROBACIÓN DE DATOS DE PERSOAS INTERESADAS

BS614A - SUBVENCIÓNS A CONFEDERACIÓNS, FEDERACIÓNS E ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL NON ASOCIADAS NIN FEDERADAS PARA A FORMACIÓN PRELABORAL E ADQUISICIÓN DE HABILIDADES POLAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE, COFINANCIADAS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (2014-2020)

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade, este documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, tutor/a ou representante legal. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	MENOR DE IDADE	TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL		COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas		SINATURA
			NOME E APELIDOS	NIF		OPÓÑOME Á CONSULTA	
		<input type="checkbox"/>			Certificado de discapacidade Certificado de residencia	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			Certificado de discapacidade Certificado de residencia	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			Certificado de discapacidade Certificado de residencia	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			Certificado de discapacidade Certificado de residencia	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	

De no ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior, deberanse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios.


INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de



 UNIÓN EUROPEA
 "Unha maneira de facer Europa"
 "O FSE investe no teu futuro"

Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

CVE-DOG: 7mh2c3k7-qia6-1ek9-zfr5-h73wcrwgjcc8


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>